

En Outes, a 17 de Xuño de 2023

Dunha parte, D<sup>a</sup> Alba Quintela Vilariño en representación de Compromiso Outes (CO), doutra parte D. Anxo Núñez Fernández en representación do Bloque Nacionalista Galego de Outes (BNG), e doutra parte D. José Antonio Caamaño Lestón en representación do Partido Socialista de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE) de Outes,

### **LIMIAR**

O pasado 28 de Maio a cidadanía de Outes manifestou a súa vontade democrática e escolleu aos seus representantes na Corporación Municipal para os vindeiros catro anos. O pobo de Outes non lle outorgou maioría absoluta a ningunha das candidaturas presentadas, polo que é responsabilidade das distintas forzas políticas buscar as vías de entendemento para alcanzar un acordo que garanta a gobernabilidade do concello nos vindeiros catro anos. Por ese motivo, as forzas de signo galeguista e progresista que obtiveron representación nas pasadas eleccións e que suman a maioría absoluta dos representantes escollidos polo pobo de Outes, Compromiso Outes, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Galicia-PSOE,

### **ACORDAN**

**Formar un goberno de coalición para o Concello de Outes para o mandato 2023-2027,** segundo as seguintes cláusulas:

1. O goberno de coalición márcase como **eixos da súa acción de goberno** os seguintes:
  - Promover o desenvolvemento económico e a creación de emprego reforzando a Axencia de Desenvolvemento Local e impulsando a dotación de chan industrial no concello.
  - Promover a economía local e o comercio de proximidade, priorizando as compras públicas aos provedores locais.
  - Apostar por un turismo de calidade e sostible, en colaboración co Xeodestino Ría de Muros-Noia.
  - Mellorar a xestión do ciclo da auga mediante a realización de investimentos tanto na rede de saneamento como na de abastecemento de auga.
  - Mellorar o mantemento das infraestruturas existentes, cunha acción planificada e ordenada.

- Mellorar a mobilidade interna no concello, en particular a das parroquias coa Serra de Outes.
  - Mellorar o acceso á vivenda e reforzar o atractivo de Outes como un lugar para vivir.
  - Reforzar os servizos de igualdade e benestar, nomeadamente os servizos de atención aos maiores e dependentes así como os referidos á infancia.
  - Mellorar a transparencia na acción de goberno e na relación cos cidadáns.
2. Os tres grupos apoiarán ao candidato proposto por Compromiso Outes para a investidura á alcaldía no pleno de constitución da nova corporación.
3. Unha vez elixida a persoa que ostente a alcaldía, esta nomeará aos membros da Xunta de Goberno Local, aos Tenentes de Alcalde e aos Concelleiros-Delegados da Alcaldía, acorde á seguinte distribución:
- 3.1. A Xunta de Goberno Local estará formada, ademais do alcalde, por 2 membros propostos por CO, 1 polo BNG e outro polo PSdG-PSOE.
- 3.2. Nomearanse tres tenencias de alcaldía. A primeira tenencia de alcaldía será proposta polo BNG, a segunda polo PSdG-PSOE e a terceira por CO.
- 3.3. As áreas de responsabilidade dos concelleiros-delegados da alcaldía serán as seguintes:
- **Área de Obras e Servizos**, que abarca as materia de mantemento de camiños, xardíns e espazos verdes, rede de saneamento e de abastecemento de auga, recollida de lixo e limpeza viaria. Seralle delegada a unha persoa proposta por CO.
  - **Área de Educación**, que abarcas as materias de educación infantil, educación e formación de adultos, relacións coa comunidade educativa e infraestruturas educativas. Seralle encargada a unha persoa proposta por CO.
  - **Área de Medio Ambiente**, que abarca as materias de coidado do medio ambiente e da biodiversidade así como o desenvolvemento de proxectos relacionados. Seralle delegada a unha persoa proposta por CO.
  - **Área de Cultura, Festas e Xuventude**, que abarca as materia de programación cultural, festexos, relacións coas asociacións culturais e comisión de festas, xuventude e infraestruturas culturais. Seralle delegada a unha persoa proposta polo BNG.
  - **Área de Mobilidade e Comunicións**, que abarca as materias de transporte intra-municipal e a externa, sendas peonís e de bicicletas. Tamén a mellora das canles de comunicación coa cidadanía. Seralle delegada a unha persoa proposta polo BNG.

- **Área de Turismo e Patrimonio**, que abarca as materias de promoción turística, relacións co sector do turismo, patrimonio e infraestruturas relacionadas co turismo e o patrimonio. Seralle delegada a unha persoa proposta polo BNG.
  - **Área de Deportes**, que abarca as materias de promoción do deporte, relación cos clubs deportivos e infraestruturas deportivas. Seralle delegada a unha persoa proposta polo PSdG-PSOE.
  - **Área de Igualdade e Benestar**, que abarca as materias de asuntos sociais e atención a persoas dependentes, muller (CIM) e conciliación. Seralle delegada a unha persoa proposta polo PSdG-PSOE.
  - **Área de Relacións Veciñais e Medio rural**, que abarca a relación coas asociacións de veciños así como a xestión dos proxectos de mellora de camiños rurais financiados ao abeiro do Plan de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal da Xunta de Galicia. Seralle delegada a unha persoa proposta polo PSdG-PSOE.
4. As áreas non delegadas, e nomeadamente a de **facenda, persoal, urbanismo e desenvolvemento económico**, serán competencia da alcaldía.
  5. Á área de Urbanismo, no referido aos proxectos de humanizacións e melloras de vías e espazos dos núcleos de poboación, será competencia da alcaldía. En calquera caso, nas labores de planificación e seguimento das actuacións participará un representante do BNG.
  6. Para o bo funcionamento do goberno creárase unha **comisión de coordinación**, formada por tódolos concelleiros do goberno, que se reunirá semanalmente e onde se tratarán tódolos temas de relevancia na xestión municipal. Os tres grupos comprométense a resolver as posibles discrepancias de maneira dialogada e a buscar o consenso en tódolos aspectos da xestión municipal.